

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE/PLAN DE ORIENTACIÓN

AGRO DO MUÍÑO

(2019-2020)

PXAD AGRO DO MUÍÑO (2019-2020)
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN |



ÍNDICE

<u>Introdución</u>	2
<u>1. Contexto: Entorno e alumnado do centro</u>	2
<u>2. Identificación e valoración de necesidades</u>	4
<u>3. Obxectivos do plan</u>	7
<u>4. Actuacións, medidas adoptadas e programas</u>	8
<u>5. Criterios para a atención de alumnado que precise apoio e profesionais implicados</u>	14
<u>6. Coordinación interna e con outros centros</u>	17
<u>7.- Colaboración con familias e servizos externos</u>	17
<u>8.- Avaliación do plan</u>	18
<u>9. Anexos: Protocolos</u>	19



Introdución

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación, de 3 de maio, no seu artigo 121 establece que o Proxecto Educativo dos centros recollerá a forma de atención á diversidade do centro e que respectará o principio de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais. En consoancia con estes principios, a atención á diversidade configúrase como un principio fundamental do sistema educativo regulado pola citada lei. Isto implica a esixencia de proporcionar unha educación axustada ás necesidades de todo o alumnado, tendo en conta a diversidade de intereses, características e situacións persoais.

En consecuencia, a Comunidade Educativa debe asumir a pluralidade e diversidade como eixos vertebradores da acción educativa, potenciando e desenvolvendo medidas de resposta o máis eficaces posible para tódolos escolares, independentemente das súas condicións socio-familiares e culturais, así como do diferente potencial de aprendizaxe dos mesmos.

Neste marco referencial, entendémolo Plan de Atención á Diversidade (PXA), como o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro diseña e pon en práctica para proporcionarlle a todo o alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades educativas.

Nel concretáanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o CEIP AGRO DO MUIÑO diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do noso alumnado (Art. 10º do Decreto 229/2011). Con esta adecuación, trátase de intentar conseguir que o alumnado alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e adquira as Competencias Básicas e os obxectivos establecidos para a Educación Infantil e Primaria. Trátase dun documento aberto e flexible, que admite cambios e modificacións en función das situacións sobrevidas que poidan xurdir

1. Contexto

1.1. Entorno socioeconómico, alumnado e profesorado

O Ceip Agro do Muíño está situado nunha zona rural, en progresivo cambio cara unha zona semiurbana. O núcleo de poboación principal do que se nutre o centro é Bertamiráns, que é unha vila en expansión. Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio ou medio-alto. A poboación desenvolve o seu labor fundamentalmente nos sectores de servizos e industrial. Nos últimos anos estase a producir un crecemento da poboación que repercute nun incremento do alumnado que asiste ós centros educativos do concello en xeral e en particular ao Agro do Muíño. Este centro comezou a funcionar o curso académico 2007/08. Na actualidade conta con 6 unidades de EI, 15 de EP, 2 de PT e 2 de AL, 1 orientador e 2 auxiliares técnicos.

O centro recibe alumnado dunha EEI de A Igrexa-Tarroeira. O número de alumnos matriculados no actual curso 2019-2020 é de 488. A ratio media por aula tanto en EI coma en EP é de 25.

1.2. Marco legal

Neste apartado referenciamos a normativa básica que condiciona e regula os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos.



- Orde 6 de outubro de 1995, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7/11/1995).
- Orde de 31 de outubro de 1996, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19/12/1996).
- Orde de 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento de flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado con NEE asociados a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG 28/11/1996).
- Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de EI e dos colexios de EP (DOG 21/10/1996).
- Orde de 22 de xullo de 1997, que regula aspectos da organización e funcionamento de escolas e colexios de EI e EP dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 2/09/1997).
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, pola que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27/4/1998).
- Orde de 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG 31/7/ 1998).
- Orde de 27 de decembro de 2002 polo que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE (DOG 30/1/2003).
- Orde de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG 26/2/2004).
- Orde de 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado no segundo ciclo de EI, EP, ESO e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 19/3/2007).
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 9/09/2014).
- Orde de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10/16/2016).
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG23/06/2009).
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10/07/2009).
- Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/7/2011).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e de participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 10/06/2016).



- O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia. Nel defínese a diversidade como unha realidade social e, polo tanto, unha realidade educativa derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural do alumnado e das súas familias, do profesorado e de toda a Comunidade Educativa en xeral. Ademais, o dito decreto indica que atender á diversidade implica poñer en marcha un conxunto de medidas e acción que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado.

A atención á diversidade réxese polos seguintes principios:

o Normalización e inclusión. o Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación. o Flexibilidade e accesibilidade.

o Interculturalidade e promoción da convivencia. o Autonomía dos Centros Educativos.

o Participación de toda a Comunidade Educativa.

Finalmente, é importante tomar como referencia os PROTOCOLOS publicados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que supoñen un marco de acción común para actuar en temas relacionados coa atención á diversidade implicar e forzar a coordinación interprofesional e interinstitucional.

Serven para orientar a nosa actuación docente no marco da atención á diversidade e deberán ser tidos en conta por toda a Comunidade Educativa do CEIP AGRO DO MUIÑO no desenvolvemento das súas funcións. Serán de especial uso no marco deste PXAD no CEIP AGRO DO MUIÑO os seguintes:

- Protocolo para atención educativa ao alumnado con Discapacidade Auditiva.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con Síndrome de Down e Discapacidade Intelectual.
- Protocolo de Tratamento Educativo do alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA).
 - O protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.
- Protocolo de Protección de Datos.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de identidade de xénero.
 - Protocolo de Urgencias Sanitarias.
- Protocolo de Absentismo Escolar.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.

O derradeiro Protocolo publicado actualmente da Consellería é o de Altas Capacidades AACC.

Todos os protocolos publicados pola Consellería actuais (e futuros) estarán a disposición para a consulta e o préstamo do profesorado do CEIP AGRO DO MUIÑO



no Departamento de Orientación e en Dirección.

2. Identificación e valoración de necesidades

Tendo en conta o alumnado e recursos persoais dos que dispoñemos, a detección e valoración de necesidades efectuémosla, como se explica con maior amplitude máis adiante, empregando a información proporcionada polos docentes, polas familias e aquela recollida polo DO.

2.1 Alumnado obxecto do Plan

De xeito sintético, e seguindo o Decreto 229/2011 o Plan vai dirixido a:

- Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo, que require, de forma temporal ou permanente, unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar:
 - Necesidades educativas especiais, derivadas de discapacidade (física, intelectual ou sensorial), trastornos disruptivos do control dos impulsos e da conduta.
 - Altas capacidades intelectuais.
 - Incorporación tardía ó sistema educativo con e sen desfase curricular.
 - Dificultades específicas de aprendizaxe.
 - Condicións persoais ou do historia escolar.
 - Alumnado con TDAH.
- Calquera outro alumno que nun momento dado requira unha atención específica.

2.2 Identificación e valoración das necesidades educativas

2.2.1 Actividades de inicio de curso

Cada titor/a, reunirse durante o mes de setembro co xefe de departamento, o cal informará do alumnado de necesidades educativas do seu grupo e demais información relevante para a súa atención.

Por outra parte, está a disposición para a súa consulta a información que non sxa de carácter confidencial na Secretaría en relación ó alumnado do seu grupo.

Ó comezo do curso, tal e como recollen as Ordes do 9 de xuño do 2016 e a do 25 de xuño do 2009, que regulan a avaliación en EI e en EP, respectivamente, o alumnado será somentido por parte do profesorado titor a unha avaliación inicial. Para este fin en EP basarémonos nos criterios mínimos de nivel, xunto a ítems-guía elaborados ó efecto. O procedemento a empregar será a análise das tarefas que se realicen no desenvolvemento cotiá das clases. A avaliación inicial é de gran utilidade para determina-lo nivel xeral do grupo nas distintas áreas, así como as carencias individuais en cada unha delas.

Os beneficios desta avaliación inicial concréntanse nos seguintes ámbitos:

- Manifestación das necesidades educativas do grupo e de cada escolar.
- Establecemento das prioridades de traballo.
- Introducción de adaptacións na programación da área, unha vez coñecida a realidade do alumnado.
- Adopción doutro tipo de medidas que afectan á organización para unha mellor atención á diversidade.

Os responsables desta avaliación inicial, como xa se indicou, son as persoas encargadas das titorías e o profesorado especialista das distintas áreas curriculares.



Por outra banda, a persoa encargada dunha titoría, manterá unha entrevista coa familia do alumnado de nova incorporación ó centro, a fin de coñecer-las seus trazos principais.

2.2.2 Procedemento xeral para efectuar unha avaliación psicopedagóxica

Seguiremos basicamente os pasos que deseguido se detallan e se especifican máis polo miúdo no Anexo:

- Detección de necesidades educativas por parte do profesorado titor ou familia.
- O titor/a cubrirá o cuestionario previo de demanda de avaliación psicopedagóxica.
- Recollidos estos datos, informarase á familia sobre a necesidade de avaliación psicopedagóxica ó seu fillo/a. Previamente a calquera actuación, a familia firmará a súa conformidade ou disconformidade coa solicitude de avaliación.
- A continuación, a xefatura do DO realizará dita avaliación, competencia da xefatura de dito departamento.
- Unha vez realizada, o Xefe do departamento informará sobre os resultados as familias e profesorado que lle imparte clase o alumno/a . Os pais ou titores legais do alumno/a poderán solicitar copia do informe psicopedagóxico onde se recolle dita información e asinarán un documento conforme o recibiron e foron informados.
- O informe psicopedagóxico formará parte do expediente do alumno/a no arquivo custodia do D.O.

3. Obxectivos do plan

Co deseño e desenvolvemento do PXAD, formulamos os seguintes obxectivos:

- Desenvolver una toma de decisións democrática entre todos os membros da Comunidade Educativa que camiñen cara a un modelo de escola inclusiva, na que todo o alumnado teña a posibilidade de compartir tempos e espazos cos seus iguais e en igualdade de condicións.
- Aceptar e valorar as diferenzas do alumnado como un feito de enriquecemento da Comunidade Educativa e como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Asegurar que todo o alumnado, sen distinción, acade o grao máximo das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias básicas e dos obxectivos educativos establecidos en xeral para cada unha das etapas educativas.
- Diseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces de tipo organizativo e curricular que dean resposta ás características e necesidades individuais do alumnado.
- Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo do alumnado.
- Fomentar a titoría e a orientación como instrumentos para a prevención, detección e atención do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).



- Promover a creación e difusión entre o profesorado de materiais, bibliografía ou estratexias educativas que redunden nunha mellor atención á diversidade do alumnado (motivacións, intereses, ritmos de aprendizaxe...).
- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade do noso alumnado: titores/as, profesorado, familias e servizos externos ao centro.
- Valorar a importancia da convivencia e crear un ambiente de traballo no que o apoio mutuo axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, potenciando a aprendizaxe cooperativa.
- Crear un clima de cooperación entre o centro e as familias, para favorecer o desenvolvemento do alumnado.
- Asesorar ás familias sobre pautas educativas e recursos sociais, sanitarios, etc. que favorezan a convivencia coa diversidade no contexto familiar.

4. Actuacións, medidas e programas para a atención a diversidade

4.1. Actuacións Xerais para atender á diversidade no CEIP Agro do Muíño.

No marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade do noso alumnado, tomaremos como referencia o recollido no Decreto 229/2011 de atención á diversidade que inclúe que os centros docentes deberán:

1. Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
2. Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
3. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
4. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
5. Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con NEAE.
6. Potenciar a acción tutorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
7. Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
8. Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
9. Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

4.2. Medidas de Atención a Diversidade

O Decreto 229/2011, de atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia define as Medidas de Atención á Diversidade como aquelas actuacións, estratexias



e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta educativa axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro e nas concrecións anuais do dito plan.

4.2.1. Medidas Ordinarias de Atención á Diversidade

O Decreto 229/2011 define as Medidas Ordinarias de Atención á Diversidade como aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro. A finalidade destas medidas é dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe para facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas distintas etapas. As medidas ordinarias de atención á diversidade recollidas na atendita normativa son:

a. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

Os agrupamentos, a confección de grupos e os horarios estableceranse de acordo cos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia. Con carácter xeral, o Equipo Directivo (co asesoramento do Departamento de Orientación) aprobará no primeiro Claustro do curso os criterios pedagóxicos para a configuración dos grupos e a elaboración dos horarios para o curso seguinte, así como a comunicación do número de grupos de cada materia (Orde do 1 de Agosto de 1997). En calquera caso, priorizarase sempre que sexa posible a co-docencia e o uso de metodoloxías que consiste na unión de dous ou máis profesionais que comparten a responsabilidade de desenvolver a ensinanza nas aulas que inclúen a alumnado con diversas necesidades de aprendizaxe redunden nunha mellor atención á diversidade (aprendizaxe cooperativo, tutoría entre iguais, uso das TIC, gamificación, clase invertida...)

b. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

O concepto de currículo recollido no texto refundido LOE/LOMCE defíneo como aberto, flexible e que admite niveis de concreción en función do contexto, do nivel e etapa educativa e das características concretas do noso alumnado.

Asemade, ao inicio de curso, o profesorado do CEIP Agro do Muíño levará a cabo unha avaliación inicial (Decreto 229/2011) que permitirá obter información sobre os coñecementos previos e as competencias do alumnado, e que tomarán como o punto de partida para o deseño e desenvolvemento das Programacións de Aula, favorecendo así a Aprendizaxe Significativa. No que atinxe ás mesmas, é recomendable ter en conta os seguintes aspectos en relación cos elementos do currículo:

En relación cos **obxectivos e contidos**:

- Adecuar os obxectivos ás peculiaridades do alumnado do grupo.
- Precisar cáles son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica.
- Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.
- Establecer secuencia de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

En relación coa **metodoloxía**:



lograr unha estrutura de traballo que facilite ao máximo a construción de aprendizaxe por parte do alumnado é o obxectivo último. Para conseguir este propósito, o profesorado poderá establecer diferentes tipos de agrupamentos dentro da aula para atender a diversidade:

- Traballo en pequeno grupo para favorecer a relación entre o alumnado e a cooperación na abordaxe das tarefas.
- Titorización nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).
- Traballo individual co alumnado cando se entenda que é necesario para facilitar a continuación do proceso de aprendizaxe.

En relación coas **actividades**:

- Diversidade de actividades.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade.
- Existencia de actividades de libre elección.
- De reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- De ampliación (para alumnado avantaxado).

En relación coa **avaliación**:

- Poñer a avaliación ao servizo do proceso de aprendizaxe.
- Fomentar a autoavaliación.
- Realizar unha avaliación inicial ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados na súa tipoloxía.
- Diversidade nos elementos de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia...
- Contextualizar os criterios de avaliación seguindo criterios de adecuación coherentes cos empregados ao contextualizar os obxectivos.

c. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneros, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

A Orde ECD65/2015, do 21 de Xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na EP, na ESO e no BACH, inclúe no seu Anexo II as orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula e que favorecen a atención á diversidade do alumnado e a súa inclusión en contextos ordinarios. Entre elas destaca:

- Aquelas que axudan a espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.
- Metodoloxías activas e contextualizadas: aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras. Ademais, estas metodoloxías activas e contextualizadas deberán estar apoiadas en estruturas de aprendizaxe cooperativas, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situación similares.
- O uso de estratexias interactivas que permitan compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas. Como exemplos podemos citar a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas, a experimentación, a



aprendizaxe funcional. O fundamental é favorecer a participación activa do alumnado e contribuír á trasferibilidade das aprendizaxes.

- O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.
- O uso do portfolio, que proporciona información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.
- A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

d. Adaptación do tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Partimos da premisa de que os procesos de avaliación afectan ao alumnado, ao profesorado e a todos os elementos do Sistema Educativo. Polo tanto, é necesario verificar, de forma continua e sistemática, como se desenvolven os procesos de ensino-aprendizaxe, como contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado e do profesorado, como se axustan ao que cada cal necesita, qué melloras ou cambios se deben introducir, etc., é dicir, a avaliación ten que servir para comprender como se están desenvolvendo os procesos de ensino-aprendizaxe e para orientalos. **Debe servir, en todos os casos, como unha oportunidade para aprender e para introducir propostas de mellora.**

Máis concretamente, en relación á avaliación do alumnado, é preciso personalizar os procesos de avaliación, adaptándoa ás peculiaridades do alumnado e asegurando a concordancia coa metodoloxía de aprendizaxe. A avaliación deberá realizarse en función dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe que aparecen na programación de aula. No caso das áreas e/ou materias obxecto de **adaptacións** curriculares, tomará como referencia os criterios e estándares fixados nesta, se ben a efectos de titulación teranse en conta os criterios xerais establecidos na normativa.

No caso do alumnado con NEAE é importante anticipar, planificar e prever, facelos partícipes do que teñen que facer, ou non, cómo e para qué, e de cales son os criterios de avaliación. É dicir, o alumnado debe ter claro que é o que se espera deles. Procurarase avaliar en positivo, resaltando aquilo que o alumno ou a alumna é capaz de facer ou foi adquirindo, por pequeno que sexa, sen centrarse exclusivamente nas súas dificultades. A información que se lle proporcione ao alumnado e aos seus pais/nais/titores legais sobre o seu rendemento escolar ha de incluír, ademais das cualificacións, unha valoración cualitativa, en termos positivos, ben clara, do progreso do alumno ou alumna.



Os instrumentos de avaliación utilizados adaptaranse á realidade de cada un dos alumnos/as, e deberán ser válidos para valorar os logros e progresos conseguidos nas aprendizaxes, baseándose na perspectiva do deseño universal da aprendizaxe, coa finalidade de achegar ou facilitar a comunicación e o acceso á información, especialmente no caso de aquel alumnado que ten máis dificultades.

Os procedementos de avaliación deberán ser multimodais (probos escritas, probas orais, observación, traballo individual, traballo en equipo, cadernos de aula, portfolio...) para adaptarse á diversidade do noso alumnado e, no caso de dificultades de aprendizaxe que o requiran estritamente, deberemos ser flexibles cos tempos adicados aos procesos de avaliación (máis tempo nas probas escritas, realizar as probas escritas en varios días diferentes...) e tamén co formato das mesmas, adaptados ás necesidades do noso alumnado.

e. Aulas de Atención Educativa e Convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia:

O artigo 25 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa en materia de convivencia escolar, recolle as Aulas de Convivencia Inclusiva como unha actuación para a mellora da convivencia escolar.

f. Reforzo Educativo e Apoio do Profesorado con dispoñibilidade horaria.

1. Reforzo Educativo (RE):

A Orde do 6 de outubro de 1995 define o Reforzo Educativo como unha medida ordinaria de atención á diversidade que non precisa de autorización expresa. O reforzo educativo afecta aos elementos NON prescriptivos do currículo, e dicir, á secuenciación de contidos, a selección de actividades, á metodoloxía didáctica, aos procedementos e instrumentos de avaliación, aos recursos utilizados, á organización da aula e aos agrupamentos de alumnado. É responsabilidade do profesorado da materia en coordinación co titor/a do/a alumno/a e, se é o caso, co profesorado especialista de apoio de PT. Debe informarse á familia de que o/a alumno/a está sendo obxecto de reforzo Educativo e debe rexistrarse no seu expediente. É unha medida revisable e reversible en calquera momento.

2. Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:

a instrución cuarta da Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa indica que para o profesorado que non teña o seu horario completo, a atención á diversidade será actividade prioritaria sobre calquera outra establecidas na Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes. Nesta dirección, o profesorado que conte con dispoñibilidade horaria poderá levar a cabo apoios ao grupo-clase de alumnado priorizando as áreas instrumentais básicas e de acordo co modelo de co-docencia. A xefatura de estudos determinará no horario de profesorado estas horas de apoio. Trátase dunha medida que favorece unha atención máis individualizada ao alumnado e redonda nunha mellor atención á diversidade no CEIP Agro do Muíño.

g. Programas de Enriquecemento Curricular:

Trátase de deseñar programas axustados ás características do alumnado con Altas Capacidades, ao tempo que se manteñen no seu grupo de clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización. Defínense como adaptacións do currículo que se acomodan ás necesidades concretas de aprendizaxe e de desenvolvemento do alumnado e que serán tanto máis significativas



canto maiores sexan esas necesidades educativas. Estas adaptacións do currículo deben comezar por aquelas NON significativas (na metodoloxía, na selección de actividades, nos materiais, nos agrupamentos...) ata chegar a Adaptación Curricular Significativa (ACS) que está suxeita á regulación específica recollida na Orde do 6 de outubro de 1995. Na elaboración das Adaptacións Curriculares Individualizadas (ACI) do alumnado con Altas Capacidades é frecuente o uso de dous tipos de estratexias:

1. As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidades de contidos a aprender nunha ou varias áreas.

2. A aplicación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, prevalecendo a profundización e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

Outras medidas ordinarias de atención á diversidade son:

Orientación e Tutoría

Definición: o desenvolvemento da acción titorial constitúe unha das ferramentas de atención á diversidade máis eficaces, moi adecuada para coñecer a cada alumno/a, identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe e considerar o tipo de atención que o centro pode dispoñer para a súa atención.

Destinatarios: todo o alumnado.

Profesorado: todo o equipo de profesores/as, coordinado polo/a titor/a do grupo e co apoio do Departamento de Orientación.

Temporalización: durante todo o curso escolar, a través dos obxectivos e programas recollidos no Plan de Acción Titorial.

4.2.2. Medidas Extraordinarias de Atención á Diversidade

Defínense no Decreto 229/2011, de atención á diversidade, como aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) que requiren modificacións significativas do currículo. Hai que ter en conta dous aspectos para a aplicación destas medidas:

1. Aplicaranse unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou por resultaren estas insuficientes.

2. É necesario a autorización da dirección do centro, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda e, se é o caso, realizárase un informe xustificativo do departamento de orientación.

a. Adaptacións curriculares (ACS): trátase dunha medida extraordinaria de atención á diversidade que precisa da autorización dos Servizos de Inspección Educativa que corresponda para poder levala a cabo.

o Afecta aos elementos prescriptivos do currículo, e dicir, aos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias e estándares de aprendizaxe avaliábeles.

o A súa elaboración é responsabilidade do profesor/a da área ou materia, en colaboración co Departamento de Orientación, e coa coordinación do Titor/a do/a alumno/a.

o A familia do alumno/a que sexa obxecto da Adaptación Curricular Significativa (ACS) deberá ser informada da medida polo/a titor/a do/a alumno/a, en colaboración co Departamento de Orientación.

o O desenvolvemento da ACS terá lugar na aula ordinaria e excepcionalmente fóra do grupo a tempo parcial.

o A ACS é unha medida revisable e reversible e sometarase a un seguimento trimestral que é responsabilidade do profesorado de área ou materia encargado



de elaborarlal, cos documentos proporcionados polo Departamento de Orientación.

o Con carácter xeral, as ACS teñen unha duración de 1 curso académico, que se poderá ampliar no caso de que o/a alumno/a permaneza un ano máis no curso.

b. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e/ou Audición e Linguaxe (AL):

A Orde do 27 de decembro de 2002 recolle no seu Art. 19 as intervencións específicas dos profesionais de PT e AL. Nesta dirección indica que as intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación, do que forman parte, en colaboración co titor do grupo ó que pertence o alumno. **Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán realizarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.** A coordinación desas actuacións, xunto coas do resto do profesorado, tendo en conta o proxecto curricular da etapa e as programacións de aula, corresponde á xefatura de estudos do centro. A entrada á aula ordinaria dos especialistas de PT e AL realizarase baixo o modelo de co-docencia explicado anteriormente e sempre favorecendo a inclusión no grupo-clase do alumnado obxecto da medida. Ao tratarse dunha medida extraordinaria de atención á diversidade, deberá ser debidamente informada ás familias do alumnado obxecto desta medida a través dun modelo no que asinarán un consentimento informado (Anexo I). En calquera caso, as intervencións das especialistas de PT e AL responderán a un Plan de Intervención Individualizado e adaptado ás necesidades do/a alumno/a obxecto de intervención.

c.-Flexibilización da duración do período de escolarización:

Trátase dunha medida extraordinaria de atención á diversidade recollida e regulada no Decreto 229/2011, na Orde do 27 de decembro de 2002 e na Orde do 28 de outubro de 1996. Esta última aplicarase no caso do alumnado con Altas Capacidades. Como todas as medidas extraordinarias de atención á diversidade, para a súa aplicación é requisito ter esgotadas outras medidas de atención á diversidade, tanto ordinarias como extraordinarias. A continuación explicamos as características da flexibilización por etapas:

Educación Infantil: poderá aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función, respectivamente das NEE ou das Altas Capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer en EI máis alá do ano natural en que se cumpran os 7 anos de idade nin comezar a EP antes do ano natural no que se cumpran os 5 anos.

Educación Primaria: poderá aumentarse ou reducirse nun ano respecto ó establecido con carácter xeral en función das NEAE do Altas Capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer en EP máis alá do ano natural en que se cumpran os 15 anos de idade nin comezar a ESO antes do ano natural en que se cumpran os 10 anos.

d.-Atención educativo ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao Centro Educativo:

O protocolo de atención educativa domiciliaria ten como finalidade favorecer a continuación do proceso formativo do alumnado que non poida asistir con



regularidade ao centro por un período prolongado (por prescripción médica por enfermidade ou lesión). Os destinatarios desta medida son:

o Alumnado que curse Ensinanzas de Réxime Xeral que deba permanecer convalescente no domicilio por prescripción médica por un período superior a un mes.

o Alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que cause faltas de asistencia ao centro de 6 ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de 6 meses.

Para poder poñer en marcha esta medida é obrigatorio contar cun informe médico que xustifique a necesidade de que o/a alumno/a permanezca no seu domicilio.

Debe ser autorizada pola Xefatura Territorial e debe ser solicitada ao Director do Centro Educativo pola familia.

e. Grupos de adquisición das linguas:

medida de atención á diversidade recollida na Orde do 20 de febreiro de 2004 e dirixida ao alumnado estranxeiro. A súa finalidade será proporcionar, sen prexuízo das actividades de apoio que se desenvolvan dentro das aulas ordinarias, unha formación inicial específica nas linguas vehiculares (Lingua Galega e Lingua Castelá), a través dunha atención individualizada, de xeito que se posibilita a plena incorporación do alumnado ás actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado, así como a súa familiarización coa vida do centro. Vai dirixida ao alumnado de escolarización obrigatoria que proceda do estranxeiro e que descoñeza completamente as dúas linguas oficiais de Galicia. Este alumnado poderá formar parte destes grupos un máximo dun trimestre, que poderá ser ampliado con autorización da inspección educativa.

f. Contratos – Programa:

Programa de Reforza-T, anualmente, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa publica unha resolución na que regula os Contratos Programa dirixidos á mellora do éxito escolar nos Centros Docentes. Dentro deles, a primeira actuación é o Reforza-T, programa dirixido ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, así como aquel con desvantaxe educativa polo contorno sociocultural no que se desenvolve, escolarizado na ensinanza primaria.

Programa CON-VIVE: Plan para favorecer o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa, actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, actuacións de acollida, a conciliación ou mediación escolar, a xestión de conflitos, a mellora da intelixencia emocional...

g. Bolsas para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE):

Anualmente, o Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca axudas para o alumnado con NEAE dirixidas ao seguinte alumnado: o Axudas directas para o alumnado, incluíndo aos afectados con TDAH, que requiran nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta. o Subsidios por NEE derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta para familias numerosas.



5.- Criterios para a atención de alumnado que precise apoio e profesionais implicados

5.1 Criterios para a organización e distribución dos recursos.

O texto refundido LOE/LOMCE recolle como un dos principios do Sistema Educativo a autonomía organizativa e curricular dos centros. Así, facendo uso da mesma, distribuiremos e organizaremos os recursos segundo os criterios que se relacionan a continuación:

- Priorizarase a dotación de recursos (humanos, organizativos e materiais) para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), de acordo coas indicacións recollidas no correspondente Informe Psicopedagóxico.
- A docencia leva implícita as funcións de orientación e tutoría (recollida por primeira vez na LOGSE -derrogada- e mantida na actual lei educativa). Nesa dirección, todo o profesorado constitúe o primeiro nivel para detección temperá das dificultades de aprendizaxe do noso alumnado.
- O/a profesor/a titor/a será o responsable de realizar un seguimento do seu grupoclase para desenvolver unha detección temperá das dificultades de aprendizaxe que poidan xurdir e facer o traslado da demanda ao Departamento de Orientación.
- O profesorado de materia con dispoñibilidade horaria que realice apoios na aula ordinaria deberá, xunto co/a seu/súa compañeiro/a, priorizar as coordinacións para levar a cabo un modelo de co-docencia e favorecer unha atención máis individualizada ao alumnado.
- As intervencións específicas dos/as profesionais de PT e AL levaranse a cabo, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria. Soamente se poderán levar a cabo fóra da aula ordinaria en casos excepcionais que estean debidamente recollidos nas Adaptacións Curriculares e durante un tempo que non excederá da terceira parte da xornada escolar. En todo caso, as intervencións dos/os especialistas de PT e AL responderán a un Plan de Intervención Individualizado adaptado ás necesidades concretas do/a alumno/a obxecto de intervención.
- Cando as necesidades horarias e organizativas así o demanden, nas intervencións específicas de PT e AL fóra da aula ordinaria poderán constituírse grupos dun máximo de 3 alumnos/as.
- Serán prioridade as coordinacións dos especialistas de PT e AL co profesorado/titor na planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas específicos de intervención.
- A xefatura do Departamento de Orientación terá unha reunión de coordinación, cando menos quincenal, coas especialistas de PT e AL para levar un seguimento do alumnado obxecto de intervención.

5.2 Criterios para a aplicación das medidas propostas.

No momento no que o Equipo Docente dun/ha alumno/a, ou calquera membro da Comunidade Educativa, considere que o seu desenvolvemento integral (académico, afectivo e social) non é o adecuado, determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. **Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes. Terán este orde de prioridade:**



- Partiremos sempre e, en primeira instancia, das **medidas de atención á diversidade de carácter ordinario** (polo seu carácter normalizador e inclusivo) e só, cando estas sexan insuficientes, aplicaremos as medidas de atención á diversidade de carácter máis extraordinario.
 - Con carácter xeral, priorizaremos a **flexibilización** en Ed.infantil .
 - O alumnado con **Adaptación Curricular Significativa** terá prioridade para os apoios das especialistas de PT e AL.
 - **Repetición** de curso (como unha medida excepcional)
 - Na **Ed. Infantil** só se levarán a cabo apoios fóra da aula en caso moi excepcionais. Serán por norma xeral dentro da aula.
- Os apoios das especialistas de PT e AL serán, con carácter prioritario pero non exclusivo, nas áreas instrumentais básicas, e para que reciba dita atención deberá sempre contar con informe psicopedagóxico.
 - A aplicación das medidas de atención á diversidade deberá ser debidamente informada polo profesor/a titor/a á familia do/a alumno/a, coa colaboración do Departamento de Orientación, agás aquelas nas que aparece expresamente recollido na normativa que precisan da autorización dos pais/nais/titores legais. Neste último caso, ademais de informar, o Departamento de Orientación recollerá por escrito, segundo o modelo correspondente autorización.
 - Todas as medidas de atención á diversidade (especialmente aquelas máis extraordinarias) teñen un carácter revisable e reversible.
 - Buscarase máis un apoio de calidade que de cantidade.
 - Todas as medidas de atención á diversidade deberán ser sometidas a un proceso de seguimento e avaliación por parte do Equipo Directivo, en colaboración co Departamento de Orientación e co seu asesoramento.

6. Coordinación interna e con outros centros

6.1 Coordinación interna

Os mecanismos para optimiza-la coordinación interna serán os establecidos con carácter xeral no centro:

- Reunións do DO: completo ou só a orientadora coas especialistas de AL e PT. No primeiro caso, será mensual e, no segundo, sempre que sexa posible, semanal.
- Reunións de nivel.
- Reunións da CCP.

6.2 Coordinación con outros centros

No relativo ós centros adscritos, a coordinación vehicúlase a través de reunións da xefatura do DO coas titoras (neste curso, coa titora da EEI A Igrexa) e coa especialista de AL que itenera na citada escola.



No caso de alumnado que cambia de centro procurarase o intercambio de información relativa ó seu proceso de aprendizaxe (traslado de expediente e informes, comunicación entre titores, etc.).

As canles fundamentais establecidas co IES adscrito son as establecidas para o DO no que atinxe á organización de visitas de alumnado ou á traspaso de información sobre alumnado obxecto de medidas de atención á diversidade.

7.- Colaboración con familias e servizos externos

7.1 Familias

Este ámbito tratarémolo empregando reunións nun número e cunha periodicidade variable segundo as necesidades:

- Reunións iniciais do titor/a coas familias. Infórmase sobre as dificultades encontradas e sobre as propostas de intervención, incluída a posible avaliación psicopedagóxica e a autorización para a mesma.
- Reunións coa orientadora, nas que se solicita información relevante, facilítase información e proporcionanse suxestións.
- Reunións de seguimento, con periodicidade variable segundo os casos, nas que poden participar, ademais do profesorado titor, docentes especialistas e a orientadora.

7.2 Servizos externos

Debido a que no centro está escolarizado alumnado que recibe tratamento ou co que interveñen profesionais externos, é imprescindible manter contactos periódicos cos mesmos. A tal fin, deberemos coida-la comunicación con:

- Servizos de Saúde: Neuropediatría, Paidopsiquiatría e Atención Temperá do CHUSC...
- Servizos que oferta a USC na Facultade de Psicoloxía.
- Servizos Sociais do Concello.
- Profesionais da psicoloxía e pedagogía de gabinetes psicopedagóxicos privados.
- Centros de Educación Especial.
- Equipo de Orientación Específico.

A periodicidade dos contactos será variable, en función do alumnado afectado. Ás reunións poderán asistir as persoas que rexenten a titoría, docentes especialistas e a xefatura do D.O.

8.- Avaliación do plan



8.1 Que avaliamos

En función das actuacións e medidas establecidas, valorarémolo grao de cumprimento e as dificultades atopadas, coa finalidade de realiza-las propostas de mellora máis apropiadas. Isto implica valorar recursos (necesidades, aproveitamento dos mesmos, etc), obxectivos, actividades ou medidas empregadas, plans desenvolvidos, implicación dos axentes involucrados, entre outras posibles variables.

8.2 Procedemento

Efectuaremos unha valoración en reunións ó efecto no DO e na CCP.

8.3 Cando avaliaremos

Con carácter xeral, unha vez por curso. Isto non obsta para que, se se considerase necesario, se leven a cabo avaliacións parciais sobre aspectos ou plans concretos en que se detecten un mal funcionamento.

8.4 Como avaliaremos

Utilizaremos un esquema-guía que nos sirva para efectua-la tarefa. O documento base será o seguinte:

Plan/Medida	Valoración (obxectivo, adecuación do realizado, propostas de mellora)
Plan Adaptación EI	
Titoría	
Convivencia	
PELO	
Estranxeiros	
Avaliación inicial	
Sesións de avaliación	
Organización da resposta educativa (especificar)	
Recursos persoais	

Plan Xeral de Atención á Diversidade/Plan de Orientación, revisado, actualizado e aprobado polo Consello Escolar o día 21 de outubro de 2019.

O Equipo Directivo

A Xefa de Estudos

A Directora

A Secretaria

Luisa Rodríguez Jácome

Mª Carmen Liñares Liñares

Ana Rodríguez Beiro



9. Anexos: Modelos de solicitude e intervención do D.O

Nos puntos adicados tanto á avaliación coma ás medidas está detallados os procedementos de actuación. Aquí unicamente expoñemos, por unha parte, con maior detalle o procedemento para derivar alumnado a avaliación psicopedagóxica e, por outra parte, os documentos que empregamos de cara á comunicación coas familias, solicitude de autorizacións e á articulación das demandas do profesorado.

- I. Procedemento de derivación para a avaliación psicopedagóxica
- II. Solicitudes de intervención por parte do Departamento de Orientación (inclúe modelo de autorización ás familias para avaliación psicopedagóxica).
- III. Comunicaci3ns ás familias da adopción de medidas extraordinarias.
- IV. Conformidade familiar e informe do profesorado titor para solicitude de flexibilización da idade de escolarización
- V. Conformidade familiar para ditame de escolarización de alumnado con NEE



I. Procedemento de derivación para a avaliación psicopedagóxica

	PASO	ACCIÓN	AXENTE	ACTUACIÓNS
Detección e comunicación	1º	Detección de dificultade	Profesorado ordinario, familia	Medidas de reforzo, valoración CCBB, comunicación titor/a, se é o caso, e familia
	2º	Persiste a dificultade- Reunión equipo docente	Profesorado ordinario e xefatura estudos	Ampliación medidas de reforzo, incluído apoio ordinario
	3º	Solicitude asesoramento	Mestras PT/AL ou orientadora	Suxestións
	4º	Solicitude intervención DO	Profesorado que detectou dificultade	Documento derivación
	5º	Entrevista	Docentes e orientadora	Concreción de pasos a dar
Avaliación psicopedagóxica e proposta intervención	6º	Solicitude autorización familia	Titor/a, e Orientadora, de ser o caso.	Entrevista coa familia
	7º	Avaliación psicopedagóxica	Orientadora	Aplicación probas e recollida doutra información (observación na aula, no patio... revisión de producións do alumno ou alumna, etc.).
	8º	Elaboración informe e proposta de intervención	Orientadora	
	9º	Información familia	Orientadora	Entrevista coa familia, suxestión de propostas, se procede, e firma de enterada/o das medidas que se consideren.
	10º	Información docentes	Orientadora	Entrevista titor/a
	11º	Derivación, se procede	Orientadora	Elaboración solicitude e traslado a secretaria
	12º	Ditame, se procede	Orientadora	Elaboración, opinión dos pais, e traslado á secretaria
	13º	Flexibilización, se procede	Orientadora	Elaboración, opinión dos pais, e traslado á secretaria
Aplicación, seguimento e avaliación	14º	Inicio plan traballo	Profesorado ordinario, PT/AL e orientadora	Segundo o acordado
	14º	Elaboración ACS, se procede	Profesorado titor/a ou mestres de área.	Colaboran PT/AL e orientadora.
	15º	Seguimento intervención	Profesorado e orientadora	Reunións periódicas
	16º	Avaliación	Docentes	
	17º	Toma decisións	Docentes e orientadora	Consulta con familia. Comunicación decisión adoptada



II. Solicitudes de intervención por parte do Departamento de Orientación (inclúe modelo de autorización ás familias para avaliación psicopedagóxica).

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Para iniciar o proceso de Avaliación Psicopedagóxica do alumno/a ou Informe Escolar que nos deriva, precisamos coñecer unha serie de datos de interese. Agradecemos toda a información posible que nos poida aportar a través do seguinte formulario.

CUESTIONARIO PREVIO DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA PARA EDUCACIÓN INFANTIL

1. RESPECTO DA DEMANDA:

1.1. TITOR/A:.....

1.2. MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA:

.....
.....

1.3. DATA DE RECEPCIÓN DESTE CUESTIONARIO:..... DATA DE ENTREGA:.....

2. RESPECTO DO ALUMNO/A:

2.1. DATOS PERSOAIS:

Nome e apelidos:

Data de nacemento: Idade: Curso:..... Grupo:.....

Nº de irmáns:..... Lugar que ocupa:.....

Nome da nai: Idade:..... Profesión:.....

Nome do pai:..... Idade:.....Profesión:.....

Domicilio:.....

Teléfono:.....

2.2. DATOS ESCOLARES:

¿ASISTIU Á GARDERÍA?: .. SI: (Indicar meses e nº de horas diarias).....

..... NON:

¿ASISTE REGULARMENTE AO COLEXIO?: NON: Porcentaxe de absentismo:..... SI:

¿RECIBIU OU RECIBE ALGÚN TIPO DE APOIO EXTERNO?:

NON: SI: (Indicar en qué consiste ou consistiu e quen –entidade- o leva/levou a cabo)

.....
.....



2.3. DATOS FÍSICOS E DA SAÚDE:

(Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, dificultades sensoriais observadas, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos (acompañar fotocopia se os hai).

.....
.....
.....
.....
.....

2.4. DATOS PSICOSOCIAIS:

(Citar aspectos significativos relacionados coa integración no grupo, coa relación no xogo, coa participación na clase...).

.....
.....
.....
.....
.....

2.5. DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:

NÚMERO DE IRMÁNS:..... LUGAR QUE OCUPA:..... FAMILIARES QUE CONVIVEN NA CASA:.....

EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE O NENO/A:.....

GRAO DE RELACIÓN FAMILIA-TITOR/A-COLEXIO/ ESCOLA:.....

2.6. DATOS DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:

(Indicar o nivel de competencia curricular en función dos criterios de avaliación establecidos na correspondente CC e en relación aos obxectivos xerais de cada unha das áreas curriculares).

Indicarse, cun X, segundo isto: A = Acadado; ED = En Desenvolvemento; NC = Non Comezado.

OBXECTIVOS XERAIS (RD 1630/2006)	A	ED	NC
COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL:			
1. Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo a través da interacción cos demais e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.			
2. Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubrinto as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando, cada vez con maior precisión, xestos e movementos.			
3. Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, sendo capaces de dominalos, expresalos e comunicalos aos demais, identificando e respectando, tamén, os dos outros e outras.			
4. Realizar, de maneira cada vez máis autónoma, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o			



<p>sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa, e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.</p> <p>5. Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requerimentos dos demais, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.</p> <p>6. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.</p>			
<p>COÑECEMENTO DO CONTORNO:</p> <p>1. Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos e mostrando interese sobre polo seu coñecemento.</p> <p>2. Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a elas a súa conduta.</p> <p>3. Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia; algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida; xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.</p> <p>4. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e cualidades, e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.</p> <p>5. Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.</p>			
<p>LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN:</p> <p>1. Utilizar a lingua como instrumento de comunicación; de representación, aprendizaxe e goce; de expresión de ideas e sentimentos; e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.</p> <p>2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo o que mellor se axuste á intención e á situación.</p> <p>3. Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara a lingua, tanto propia como estranxeira.</p> <p>4. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios, mostrando actitudes de valoración, goce e interese cara a eles.</p> <p>5. Iniciarse nos usos sociais da lectura e a escritura, explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e goce.</p> <p>6. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión</p>			



artística mediante o emprego de diversas técnicas.			
7. Inciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula e mostrar interese e goce ao participar neses intercambios comunicativos.			

2.7. OUTRAS DIFICULTADES (Citar a dificultade observada, en función do que pode ser normal, - tomar como referente o promedio da clase-; aspectos psicomotrices, da linguaxe...):

.....

.....

.....

.....

.....

.....

3. ESTILO DE APRENDIZAXE E MOTIVACIÓN PARA APRENDER:

3.1. ACTITUDE DO ALUMNO OU ALUMNA ANTE OS DIFERENTES AGRUPAMENTOS (Indicar se lle gusta traballar só/a, en pequeno grupo, con atención individualizada,...):

.....

.....

.....

.....

3.2. ÁREAS, CONTIDOS E ACTIVIDADES NAS QUE SE ATOPA MÁIS SEGURO/A (Citar aquilo no que o neno/a é bo, destaca, puntos fortes, aquilo que lle gusta, etc.):

.....

.....

.....

.....

3.3. NIVEL DE ATENCIÓN (Indicar se atende períodos longos de tempo, se interrompe a súa tarefa de vez en cando para continua-la despois, se non atende,...):

.....

.....

.....

.....

3.4. ESTRATEXIAS QUE UTILIZA PARA RESOLVER AS TAREFAS (Indicar se imita; se pide axuda constantemente; inanición; se planifica a tarefa; se actúa de xeito impulsivo...):

.....

.....

.....

.....

3.5. REFORZOS QUE LLE AGRADAN MÁIS (Sociais - loubanzas, caricias, materiais, etc.):

.....

.....

.....

.....



3.6. GRAO DE REALIZACIÓN DAS TAREFAS (Indicar se as comeza e remata, se as comeza e as abandoa, se non as comeza,...):

.....
.....
.....

3.7. TIPO DE MATERIAL QUE PREFIRE (Manipulativo, de lapis e papel...):

.....
.....
.....

4. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA CORRIXIR O PROBLEMA (Indicar as modificacións organizativas, metodolóxicas, de materiais, de reforzos, de apoios,... levadas a cabo):

.....
.....
.....

5. RELACIÓN FAMILIA CENTRO:

5.1. CON QUE FRECUENCIA ESTABECE A FAMILIA RELACIÓN CO TITOR/A?:

.....
.....

5.2. É CONSCIENTE A FAMILIA DAS DIFICULTADES DO ALUMNO/A?:

.....

5.3. QUE ACTITUDE ADOPTA A FAMILIA ANTE A SITUACIÓN ESCOLAR DO ALUMNO/A?:

.....
.....

6. OUTRAS OBSERVACIÓNS (Aportar só datos de interese que non foron recollidos):

.....
.....
.....

7. QUE SE AGARDA DA INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN?:

.....
.....
.....

Ortoño, de de

O/A MESTRE/A-TITOR/A:

Asdo.:



AUTORIZACIÓN DA FAMILIA PARA LEVAR A CABO A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

O Departamento de Orientación do CEIP Agro do Muíño, coa finalidade de prestar axuda e orientación a cada un dos seus alumnos/as, precisa da colaboración de tódolos axentes implicados no proceso educativo.

Despois das valoracións feitas polo titor/a do seu fillo/a

....., o/a alumno/a do curso de Educación....., solicitamos o seu consentimento e colaboración, para que a Xefatura do Departamento de Orientación leve a cabo a pertinente Avaliación Psicopedagóxica.

Para esta avaliación, se é preciso, solicitarase a colaboración doutros servizos externos ó centro, como poden ser: Centros de Saúde, Servizos Sociais do Concello, Equipo de Orientación Específico, etc.

Os datos recollidos (físicos e de saúde, psicosociais, familiares, etc) terán un estrito carácter confidencial, e só serán empregados para adaptar os procesos de ensino-aprendizaxe ás necesidades educativas do seu fillo/a e facilitarlle, deste xeito, unha mellor integración socio-educativa.

Xefatura do Departamento de Orientación do CEIP Agro do Muíño.

Ortoño, a _____ de _____ de 201__

D/D^a..... pai/nai/titor/a legal do
alumno/a....., FUN INFORMADO/A da
situación educativa do meu fillo/a e, coa finalidade de identificar as súas necesidades e axustar así o
proceso de ensino- aprendizaxe,

DOU O MEU CONSENTIMENTO para que o Departamento de Orientación lle realice a Avaliación Psicopedagóxica.

NON DOU O MEU CONSENTIMENTO para que o Departamento de Orientación lle realice a Avaliación Psicopedagóxica.

Asdo.: Pai/ Nai/ Titor/a legal.

Ortoño, a _____ de _____

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



Para iniciar o proceso de Avaliación Psicopedagóxica do alumno/a ou Informe Escolar que nos deriva, precisamos coñecer unha serie de datos de interese. Agradecemos toda a información posible que nos poida aportar a través do seguinte formulario.

CUESTIONARIO PREVIO DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA PARA EDUCACIÓN PRIMARIA

1. RESPECTO DA DEMANDA:

1.1. TITOR/A:.....

1.2. MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA:
.....
.....

1.3. DATA DE RECEPCIÓN DESTE CUESTIONARIO:..... DATA DE ENTREGA:.....

2. RESPECTO DO ALUMNO/A:

2.1. DATOS PERSOAIS:

Nome e apelidos:

Data de nacemento: Idade: Curso:..... Grupo:.....

Nº de irmáns:..... Lugar que ocupa:.....

Nome da nai: Idade:..... Profesión:.....

Nome do pai:..... Idade:..... Profesión:.....

Domicilio:.....

Teléfono:.....

2.2. DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:

NÚMERO DE IRMÁNS:..... LUGAR QUE OCUPA:..... FAMILIARES QUE CONVIVEN NA CASA:.....

EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE O NENO/A:.....

GRAO DE RELACIÓN FAMILIA-TITOR/A-COLEXIO/ ESCOLA:.....
.....

2.3. DATOS FÍSICOS E DA SAÚDE:

(Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, dificultades sensoriais observadas, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos).

.....
.....
.....

2.4. DATOS PSICOSOCIAIS:



(Citar aspectos significativos relacionados coa integración no grupo, relacións cos iguais, personalidade do/a neno/a, participación na clase, respecto polas normas de centro e aula...).

.....
.....
.....
.....
.....

2.5. DATOS ESCOLARES: (Centros educativos, cursos, cualificacións, medidas de atención á diversidade que xa recibiu e curso no que as recibiu, asistencia -regular ou non- ó centro, etc.):

.....
.....
.....
.....
.....

2.6. DATOS DO PROCESO DE ENSINO- APRENDIZAXE:

- Áreas nas que presenta dificultade:
.....
- Competencia curricular: Nivel de competencia curricular nas diferentes áreas (destacar nas que o/a alumno/a presenta maior dificultade):

(Tomar como referencia o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase de ser concisos/as respecto do que domina -sabe- o neno/a, non de etiquetar nin facer atribucións causais):

ÁREA	NIVEL DE COÑECEMENTOS DO/A ALUMNO/A EN RELACIÓN Ó CURRÍCULO DE REFERENCIA.
CIENCIAS DA NATUREZA (se se quere, pódese engadir debaixo da área os bloques de contido nos que o alumno/a presenta maior dificultade)	
CIENCIAS SOCIAIS (se se quere, pódese engadir debaixo da área os bloques de contido nos que o alumno/a presenta maior dificultade)	



<p>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (se se quere, pódese engadir debaixo d área os bloques de contido nos que o alumno/a presenta maior dificultade)</p>	
<p>LINGUA GALEGA E LITERATURA (se se quere, pódese engadir debaixo da área os bloques de contido nos que o alumno/a presenta maior dificultade)</p>	
<p>MATEMÁTICAS (se se quere, pódese engadir debaixo da área os bloques de contido nos que o alumno/a presenta maior dificultade)</p>	
<p>PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) (se se quere, pódese engadir debaixo da área os bloques de contido nos que o alumno/a presenta maior dificultade)</p>	
<p>EDUCACIÓN FÍSICA (se se quere, pódese engadir debaixo da área os bloques de contido nos que o alumno/a presenta maior dificultade)</p>	



EDUCACIÓN ARTÍSTICA (se se quere, pódese engadir debaixo da área os bloques de contido nos que o alumno/a presenta maior dificultade)	
Outras...	

- OUTRAS CIRCUNSTANCIAS E/OU DIFICULTADES OBSERVADAS (citar aquilo que semella anormal en relación ó promedio da clase):

.....
.....
.....

- ESTILO DE APRENDIZAXE E MOTIVACIÓN PARA APRENDER

- o Agrupamentos que prefire e nos que traballa mellor (individual, en parella, grupos):

.....

- o Áreas que máis lle interesan ou nas que destaca.....

- o Puntos fortes (organización, memoria visual ou auditiva, creatividade, esforzo, etc.):

.....

- o Tipo de reforzos que prefire (de tipo social, eloxios; materias; actividades...):

.....

- o Nivel de atención (indicar se atende períodos longos de tempo, se interrompe a súa tarefa de vez en cando para continuala despois, se non atende, se busca interromper o ritmo da clase...):

.....
.....

- o Grao de realización das tarefas (indicar se as comeza, se as remata, se persiste nelas, se as abandoa...):

.....
.....

2.7. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS PARA CORRIXIR A SITUACIÓN-PROBLEMA DO/A ALUMNO/A (Indicar as modificacións organizativas, metodolóxicas, de materiais, de reforzos, de apoios,... levadas a cabo):



.....
.....
.....
.....
.....
.....
2.8. QUE SE AGARDA DA INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN?

.....
.....

Ortoño, de de

O/A MESTRE/A-TITOR/A:

Asdo.:

AUTORIZACIÓN DA FAMILIA PARA LEVAR A CABO A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

O Departamento de Orientación do CEIP Agro do Muíño, coa finalidade de prestar axuda e orientación a cada un dos seus alumnos/as, precisa da colaboración de tódolos axentes implicados no proceso educativo.

Despois das valoracións feitas polo titor/a do seu fillo/a

..... , o/a alumno/a do curso de Educación....., solicitamos o seu consentimento e colaboración, para que a Xefatura do Departamento de Orientación leve a cabo a pertinente Avaliación Psicopedagóxica.

Para esta avaliación, se é preciso, solicitarase a colaboración doutros servizos externos ó centro, como poden ser: Centros de Saúde, Servizos Sociais do Concello, Equipo de Orientación Específico, etc.

Os datos recollidos (físicos e de saúde, psicosociais, familiares, etc) terán un estrito carácter confidencial, e só serán empregados para adaptar os procesos de ensino-aprendizaxe ás necesidades educativas do seu fillo/a e facilitarlle, deste xeito, unha mellor integración socio-educativa.

Xefatura do Departamento de Orientación do CEIP Agro do Muíño.

Ortoño, a _____ de _____ de 201__

D/Dª..... pai/nai/titor/a legal do alumno/a....., FUN INFORMADO/A da situación educativa do meu fillo/a e, coa finalidade de identificar as súas necesidades e axustar así o proceso de ensino- aprendizaxe,

DOU O MEU CONSENTIMENTO para que o Departamento de Orientación lle realice a Avaliación Psicopedagóxica.



NON DOU O MEU CONSENTIMENTO para que o Departamento de Orientación lle realice a Avaliación Psicopedagóxica.

Asdo.: Pai/ Nai/ Titor/a legal.

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Para iniciar o proceso de Avaliación Psicopedagóxica do alumno/a ou Informe Escolar que nos deriva, precisamos coñecer unha serie de datos de interese. Agradecemos toda a información posible que nos poida aportar a través do seguinte formulario.

CUESTIONARIO PREVIO DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA PARA AS FAMILIAS

1. RESPECTO DA DEMANDA

1.1. NOME PAI/NAI/TITOR/A LEGAL QUE REALIZA A DEMANDA:

.....

1.3. MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA:

.....

1.4. DATA DE ENTREGA DESTE CUESTIONARIO:..... DATA RECEPCIÓN:.....

2. RESPECTO DO NENO OU NENA

2.1. DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME:.....

DATA DE NACEMENTO:.....

NOME DO PAI:..... PROFESIÓN:.....

NOME DA NAI:..... PROFESIÓN:.....

ENDEREZO:..... TELÉFONO:.....

DATOS DA SÚA ESCOLARIZACIÓN (Centros nos que estivo, cursos, cualificacións, valoracións dos titores anteriores...):

.....

.....

.....

2.2. DATOS FÍSICOS E DA SAÚDE:

(Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos, informes psicopedagóxicos doutros servizos externos... achegar copia se os hai).



.....
.....
.....
.....
.....

2.3. DATOS PSICOSOCIAIS:

(Intereses do neno, que lle gusta facer, que fai nos tempos de ocio; amizades; descripción breve da personalidade do seu fillo/a –autónomo, responsable, desorganizado, inquieto, sociable,...).

.....
.....
.....
.....
.....

2.4. DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:

NÚMERO DE IRMÁNS:..... LUGAR QUE OCUPA:..... FAMILIARES QUE CONVIVEN NA CASA:..... EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE O NENO/A:.....

.....

DESCRIBA BREVEMENTE COMO É A RELACIÓN ENTRE A FAMILIA COLEXIO:

.....
.....

2.5. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NA CASA PARA CORRIXIR O PROBLEMA DO NENO/A:

.....
.....
.....
.....

2.6. ¿QUE SE AGARDA DA INTERVENCIÓN DA ORIENTADORA?:

.....
.....
.....
.....

En....., día de de

PAI/NAI OU TITOR/A LEGAL:

Asdo.:



III. Comunicación ás familias da adopción de medidas extraordinarias.

AUTORIZACIÓN PARA A ATENCIÓN ESPECIALIZADA DO ALUMNADO CON NEAE (Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo) DENTRO E/OU FÓRA DA AULA

D./D^a
con DNI en calidade de pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda), do alumno/a
matriculado neste centro no curso de Educación, **fun informado/a** das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e da medida de atención educativa a implementar de cara a aborda-las dificultades que presenta. Esta medida sería a do apoio especializado dos mestres especialistas en:

- Pedagogía Terapéutica (PT)
- Audición e Linguaxe (AL)

Polo que:

- AUTORIZO a medida que se propón
- NON AUTORIZO a medida que se propón

..... de de 20.....

O/A pai/nai, ou titor/a legal:.....
(Sinatura):



**INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE ADAPTACIÓN DO CURRÍCULUM
(AC)**

D./Dna..... con
DNI:....., en calidade de pai/nai/ titor/a legal do
alumno/a.....matriculado
no.....curso, de Educación, **fun informado/a** a través do
titor/a..... das necesidades educativas do meu
fillo/a e da pertinencia de adoptar a medida extraordinaria de Adaptación Curricular (**ACS**), e en que
consiste e como se levará a cabo, nas seguintes áreas:

.....
.....
.....

E DECLARO

- A miña conformidade coa proposta de ACS** e dou o meu consentimento para que esta se realice.
- A miña NON conformidade coa proposta de ACS** e dou o meu consentimento para que esta se realice.

Ortoño, ade..... de 201..

Pai/Nai/Titor/a legal:.....

Asdo.:



IV. Conformidade familiar e informe do profesorado titor para solicitude de flexibilización da idade de escolarización

CONFORMIDADE DA FAMILIA DO ALUMNO OU ALUMNA

Don/a _____,
con DNI _____, pai/nai/titor legal (risque o que proceda) do/a
alumno/a _____, de _____
anos de idade e escolarizado en _____ curso de _____.

Informado/a polo Xefe/a do Departamento de Orientación do CEIP Agro do Muíño e do/a mestre/a titor/a do resultado da avaliación realizada e da proposta de escolarización (permanencia extraordinaria de un curso máis na etapa de _____).

Manifesto a miña CONFORMIDADE con que se proceda a flexibilizar o periodo de escolarización do noso fillo/a, co fin de que o vindeiro ano lectivo _____ poida permanecer no curso _____ do _____ curso de _____.

Ortoño a, _____ de _____ de 20__.

Asdo: _____

Pai/nai/titor/a legal

INFORME DO PROFESOR/A TITOR/A.

ASUNTO:

Informe do alumno/a _____, para a solicitude de permanencia un curso máis na etapa de _____.



Don/a _____ titor/a de ____ curso de
_____ do CEIP Agro do Muíño.

INFORMA

Que o alumno/a _____, de ____ anos de idade, escolarizado no ____ curso de _____ non ten globalmente conseguidos os obxectivos curriculares de _____ sinalados no Proxecto Curricular do Centro, polo que a medida de flexibilización do periodo de escolarización proposta polo Departamento de Orientación do centro, parece AXEITADA, debendo terse presentes os criterios sinalados no Informe Psicopedagóxico adxunto. Estes aspectos desenvólvense con maior amplitude na Adaptación Curricular que se xunta a este informe.

Ortoño, a ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____

O/A Profesor/a Titor/a

CONFORMIDADE DA FAMILIA DO ALUMNO OU ALUMNA

Don/a _____, con DNI _____, pai/nai/titor legal (risque o que proceda) do/a alumno/a _____, de ____ anos de idade e escolarizado en ____ curso de _____.

Informado/a polo Xefe/a do Departamento de Orientación do CEIP Agro do Muíño e polo responsable da área de Sobredotación Intelectual do Equipo de Orientación Específico de A Coruña do resultado da avaliación realizada e da proposta de escolarización.

Manifesto a miña CONFORMIDADE con que se proceda a flexibilizar o periodo de escolarización do noso fillo/a, co fin de que o vindeiro ano lectivo _____ poida cursar ____ curso do ____ ciclo de _____.

Ortoño a, ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____

O Pai/A nai/Titor legal

INFORME DO PROFESOR/A TITOR/A.

ASUNTO:

Informe do alumno/a _____, para a solicitude de flexibilización do periodo de escolarización obrigatoria por sobredotación intelectual.



Don/a _____ titor/a de ____ curso de
_____ do CEIP Agro do Muíño.

INFORMA

Que o alumno/a _____, de ____ anos de idade, escolarizado no ____ curso de _____ ten globalmente conseguidos os obxectivos curriculares do ____ ciclo de _____ sinalados no Proxecto Curricular do Centro, polo que a medida de flexibilización do periodo de escolarización proposta polo Departamento de Orientación do centro e coordinado co especialista de sobredotación intelectual do Equipo de Orientación Específico de A Coruña, parece AXEITADA, debendo terse presentes os criterios sinalados no Informe Psicopedagóxico adxunto.

Estes aspectos desenvólvense con maior amplitude na Adaptación Curricular que se xunta a este informe.

Ortoño, a ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____
O/A Profesor/a Titor/a

V. Conformidade familiar para ditame de escolarización de alumnado con NEE



CONFORMIDADE DA FAMILIA DO ALUMNO OU ALUMNA

Don/a _____, con DNI _____, pai/nai/titor legal (risque o que proceda) do/a alumno/a _____, de _____ anos de idade e escolarizado en _____ curso de _____.

Informado/a polo Xefe/a do Departamento de Orientación do CEIP Agro do Muíño do resultado da avaliación realizada e da proposta que figura no ditame de escolarización. Manifesto a miña CONFORMIDADE con que se proceda á solicitude do cambio de modalidade de escolarización, consistente nunha escolarización combinada entre un centro de Educación Especial e o centro ordinario para o vindeiro curso lectivo _____.

Ortoño a, _____ de _____ de 20__.

Asdo: _____
Pai/nai/titor/a legal



Este documento Plan Xeral de Atención á Diversidade foi elaborada polo Departamento de Orientación, elevado á CCP, informado e aprobado en Claustro con data 21/10/19.

A Xefatura do Departamento de Orientación

Asdo. M^a Begoña Castro Iglesias